

# - Nota de prensa -

## ANPE GALICIA MANIFESTA A SÚA OPOSICIÓN A UN RETORNO ANTICIPADO ÁS AULAS E SOLICITA UNHA ENTREVISTA COA CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN.

ANPE Galicia considera imprescindible a celebración dunha reunión coa Conselleira de Educación para solicitar unha Mesa Técnica na que abordar cos representantes dos traballadores a situación actual e futura en relación ao comezo do vindeiro curso e coa finalidade de consensuar un plan de actuación completo e detallado. Ante a situación e o horizonte marcados polo goberno do Estado, de reinicio da actividade lectiva presencial en setembro con carácter xeral, é necesario xestionar o final do presente curso e planificar o comezo do seguinte.

Para a nosa organización hai dúas premisas fundamentais e básicas que deben servir como punto de partida:

- A saúde e seguridade de toda a comunidade educativa en xeral, e dos profesionais da educación en particular, está por riba de todo.
- A función dos centros docentes é **EDUCATIVA** e **NON ASISTENCIAL**.

Tendo como punto de partida estas dúas premisas básicas, desde ANPE Galicia consideramos que ante a falta de garantías sanitarias ofrecidas polo goberno en materia de desinfección, dotación de equipamentos de seguridade necesarios como poden ser mascarillas, xeles hidroalcohólicos e adecuación dos espazos para o mantemento da distancia persoal, calquera volta ás aulas **NON PODE TER CARÁCTER OBRIGATORIO** nin para o alumnado nin para o profesorado e máis aínda sen ter elaborada unha determinación previa dos colectivos de risco.

Desde ANPE Galicia nos opoñemos á idea trasladada polo Goberno de España e respaldada públicamente pola Consellería de Educación do retorno ás aulas do alumnado de infantil, entendendo que **os colexios non teñen un carácter asistencial senón educativo**. No caso da nosa Comunidade Autónoma mesmo se manifestou a intención de ampliar dito retorno ao alumnado de outras etapas o que, aínda sendo con carácter voluntario, non consideramos axeitado aludindo ao mesmo argumento do carácter educativo dos centros.

Como conclusión, trasladaremos á Conselleira de Educación a nosa oposición ao reinicio da actividade lectiva presencial no vixente curso 2019/2020, polos seguintes motivos:

- Dado o escaso horizonte temporal que temos por diante, habería que realizar un esforzo colosal en materia de desinfección dos centros e de dotación dunhas

# - Nota de prensa -

- mínimas medidas de seguridade que non aportarían, en todo caso, garantías sanitarias suficientes.
- A transición duns hábitos de traballo a distancia ao regreso á actividade presencial plantexa igualmente dificultades en tan axustado lapso de tempo.
- Non entendemos como poderá o profesorado atender de forma paralela un ensino presencial e outro online, ante a falta de recursos telemáticos suficientes nos centros. Entendemos que tampouco hai recursos suficientes para garantir o acceso universal de todo o alumnado a un ensino gratuíto en modalidade online.
- No mellor dos casos, estimamos que no caso de reiniciarse a actividade lectiva presencial un mes antes do final do curso, o alumnado só tería dúas semanas nesta modalidade, ao ter necesariamente que establecerse rotacións na asistencia do alumnado para manter as distancias de seguridade. Polo tanto, poñemos en dúbida que mereza a pena asumir tantos esforzos e riscos para un período presencial tan curto.

Creemos que a mellor aposta é por unha boa planificación do seguinte curso para reforzar e recuperar os contidos e destrezas que non se puideran traballar de xeito axeitado no último trimestre do presente ano académico. Para iso é fundamental, desde o noso punto de vista, o establecemento **dun plan de dixitalización educativa ambicioso que permita a todo o alumnado e a todo o profesorado afrontar posibles situacións de emerxencia similares á actual.**

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2020.